

**LOCAL SOCIOCULTURAL DA  
CARAMONIÑA**

Travesía Escultor Asorey, 14 baixo  
15704 Santiago de Compostela

## XORNADAS DE TRABALLO

# PENSAR A MEDIACIÓN CULTURAL. QUE FLÚA

David Rodríguez (AKa Tina Paterson) e Jordi Claramonte



Organiza:



**Datas: 28, 29 e 31 de marzo e 1 de  
abril de 2016**

**Taller 1 de 10.30 a 14.30 h, 10 prazas**

**Taller 2 de 16.30 a 20.30 h, 10 prazas**

A concellería de Acción Cultural programa dous talleres co título “**Pensar a mediación cultural. Que flúa**” para as datas do 28, 29 e 31 de marzo e 1 de abril, conducidas por David Rodríguez (AKa Tina Paterson) e Jordi Claramonte.

### Obxectivos

O taller pretende achegar dun modo participativo un resumo crítico das características do traballo do mediador cultural, centrándonos no contexto específico de Santiago de Compostela e na súa contorna e aspirando a pensar nunha ferramenta de interacción e facilitación, entre cidadáns, barrios e institucións.

Farase unha investigación sobre a crise dos modelos de relación entre os centros culturais, revisando exemplos de novas experiencias de laboratorios de creación baseados na produción e na participación.

### Proposta do programa

1. Os públicos, sos ante o perigo.

- Usuarios na sociedade da información e a intelixencia colectiva.
- Comisarios poñendo orden á complexidade social.

2. As aprendizaxes: cultura aberta e pro-común.

- Comunais urbanos.
- Repertorios e estéticas:
  - Abertas, diversas e informais.
  - Colaborativas, compartidas.

3. Modos de facer mediación.

- Escoita, encontro e conexión de usuarios e axentes:
  - Acompañar sen dirixir/facilitar sen simplificar.
  - Recepción: acoller, conectar, escoitar, informar.
- Dinamizar, programar ou investigar?

4. Desacoplados: a crise dos modos de relación.

- Os laboratorios abertos: experiencias e espazos de creación.
- Pódense construír as bases dun modelo de mediación para Santiago de Compostela e a súa contorna?

**Destinatarios:** persoas interesadas pertencentes a entidades, asociacións que desenvolvan proxectos de ámbito local ou pretendan poñer en marcha experiencias de mediación cultural sobre Santiago de Compostela.

**Preinscrición:** cómpre presentar o formulario de participación cos datos de contacto xunto cunha carta de motivación e expectativas (máximo un folio) e un currículo no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende, 4 baixo) ou no auxiliar no CSCX O Ensanche. O límite de prazo para inscribirse remata o **luns 21 de marzo**. A Concellaría de Acción Cultural comunicará coa maior brevidade a disposición da praza para asistir ás xornadas. A participación nas xornadas é de balde. Teléfono de información 981543001 (CSCX O Ensanche).



## XORNADA “PENSAR A MEDIACIÓN CULTURAL. QUE FLÚA”

### FORMULARIO DE PARTICIPACIÓN

Agarde a ter confirmación da praza por parte da organización

NOME E APELIDOS:

ENDEREZO:

DATA DE NACEMENTO:

DNI:

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

TELÉFONO DE CONTACTO:

ENTIDADE, ORGANIZACIÓN A QUE PERTENCE:

PROXECTO QUE DESENVOLVE:

QUENDA NA QUE DESEXA PARTICIPAR:

MAÑÁN

TARDE

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

CARTA DE MOTIVACIÓN

CURRÍCULO

SANTIAGO DE COMPOSTELA, ..... DE ..... DE 2016

ASINADO:

AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DE IMAXES DOS PARTICIPANTES FEITAS DURANTE AS XORNADAS  
Don / dona ..... co DNI .....  
autorizo o departamento de Centros Socioculturais a un uso pedagóxico das imaxes que se poidan realizar na actividade e publicalas en: páxinas web e blogs do Concello de Santiago, filmacións destinadas a difusión educativa non comercial, fotografías para revistas ou publicacións de ámbito educativo.  
Santiago de Compostela, ..... de ..... de 2016

Asinado:

NOTA LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS REDE DE CENTROS

Segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro da rede de centros socioculturais con fins informativos, así coma da posibilidade de exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste departamento.

Se non quere recibir ningunha información unha vez rematada a actividade marque aquí cun X